

RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DIRECTA DE BOLSA A ESTUDANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DO REGULAMENTO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO DURANTE O CURSO 2023/24

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario establece no seu artigo 37 que as universidades adoptarán medidas de acción positiva para que o estudantado con discapacidade poda desfrutar dunha educación universitaria inclusiva, accesible e adaptable, en igualdade co resto do estudantado.

O Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, establece no artigo 12 que se «establecerán os recursos e adaptacións necesarias para que os estudantes con discapacidade poidan exercer os dereitos en igualdade de condicións que o resto de estudantes, sen que iso supoña diminución do nivel académico esixido».

A Estratexia Española sobre discapacidade 2022-2030 establece, como reto estratéxico 6.2, “promover e mellorar a inclusión de persoas con discapacidade como alumnado en la educación superior, con la dotación adecuada de recursos e produtos de apoio que posibiliten o seu acceso e permanencia”. Tamén establece como obxectivo “asegurar mecanismos normativos de permanencia, participación e progreso das persoas con discapacidade na educación superior”.

Os Estatutos da Universidade de Vigo, establecen no seu artigo 64 que o estudantado ten dereito a “recibir atencións específicas acordes coas circunstancias particulares do estudantado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes; deste xeito garantirase o seu dereito á educación”. Así mesmo os Estatutos establecen no artigo 72 a posibilidade de establecer un programa propio de subvencións dirixido á integración de persoas con necesidades educativas especiais. Deste xeito os orzamentos anuais contemplan os correspondentes créditos orzamentarios necesarios para a cobertura de tales subvencións.

O Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 24 de xullo de 2013 e modificado no Consello de Goberno de 13 de novembro de 2018, establece as accións a levar a cabo para fomentar e garantir a permanencia destes estudantes na Universidade de Vigo. Os artigos 12 e 13 regulan o “programa de atención personalizada para cada estudante” que terá como finalidade adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en función das súas posibilidades individuais.

A *Comisión Técnica de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo*, creada a través do artigo 4 do Regulamento, é a responsable de elaborar o programa personalizado en función das necesidades expresadas por cada persoa, e de trasladar os devanditos programas á UNATEN (*Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo*) para que artelle os mecanismos e recursos necesarios para a súa execución e seguimento. A Universidade de Vigo, a través dos orzamentos anuais contempla o crédito necesario para que as medidas de integración aprobadas sexan atendidas a través de subvencións públicas.

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F****ÁMBITO- PREFIJO****GEISER****Nº registro****U03800121s23N0000085****CSV****GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c****DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN****<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>****FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO****28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular****Validez del documento****Original**

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

En ocasións, o programa de atención inclúe a colaboración dun/unha estudante do mesmo centro, e preferiblemente dos mesmos estudos que a persoa que debe ser atendida, sendo primordial o aspecto humano do acompañamento que esixe que o/a acompañante sexa unha persoa da súa confianza coa que teña contacto directo. Dado o carácter singular da colaboración derivado do feito de que a actividade obxecto da subvención é indisoluble da especial vinculación xa existente entre ambas persoas, resulta imposible na práctica proceder á convocatoria pública da subvención ligada á colaboración, nin a comparación e prelación de solicitudes propia dun procedemento de concorrencia competitiva.

En cumprimento deste precepto e atendendo as específicas necesidades que cada estudante presenta e coa finalidade de facilitar o seu acceso e plena integración no centro de estudos garantindo a asistencia integral,

Unha vez vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenrolo. En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE conceder unha bolsa con carácter excepcional en réxime de concesión directa, en atención ao interese público, social e humanitario do seu obxecto, coas seguintes bases:

1. Obxecto

A finalidade da bolsa é o apoio ao *Programa de atención personalizada* de estudantes con necesidades educativas especiais, de acordo co establecido nos programas de atención personalizada e co contido específico que figura na base cuarta.

2. Procedemento de concesión.

A bolsa regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa á persoa designada como alumno/a colaborador/a, en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, por concorrer razóns de interese público, social e humanitario.

Serán beneficiarios/as desta subvención en base ao informe técnico da Comisión técnica de 21 de xullo de 2023:

- **Koldo Martín Sevillano** estudante da Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo, como alumno colaborador de [REDACTED]

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. Dotación, contía e pagamento

1. Os fondos destinados a esta axuda son 10.000,00 € que irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 0000 121D 482.06, e por tratarse dun expediente de tramitación

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s23N0000085

CSV

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

anticipada a contía máxima estimada queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que a universidade recoñeza a obriga coas persoas beneficiarias.

2. A contía individual máxima da bolsas será de 2.000 euros. Está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria, tras a presentación do informe da persoa responsable de discapacidade no centro, en dous prazos:

- 1.000 € no mes de febreiro de 2024
- 1.000 € no mes xuño de 2024

4. Actuacións a financiar e dedicación

As persoas beneficiarias deberán colaborar co estudante con necesidades educativas especiais ao longo de todo o curso académico 2023/2024 nas seguintes accións:

- Realizar unha labor de comprobación do material en relación cos contidos de aprendizaxe.
- Realizar un labor de especificación das tarefas, traballos e os procesos de avaliación específicos relacionadas, así como das datas e outras actividades de interese académico e/ou social.
- Realizar a supervisión das axendas persoais do alumno.
- Facer a atención directa durante o proceso de desenvolvemento dos coñecementos, en función das materias concretas na que estea matriculado o alumno.
- Prestar as axudas necesarias de mediación cognitiva, coa indicación e supervisión do coordinador do programa, que faciliten o desenvolvemento das capacidades e competencias que se indiquen.
- Establecer o apoio necesario para aplicar as competencias adquiridas polo alumno á práctica académica e social.
- Prestar axuda no uso e acceso a bases de datos e a documentación para a elaboración de contidos e realización de traballos de clase.
- Colaborar co alumno no deseño e organización dos traballos de clase.
- Colaborar co alumno na aplicación á práctica e/ou exposición dos traballos de clase.
- Axudar ao alumno nos procesos de interacción social en relación coas actividades académicas.
- Aquelas outras que poidan xurdir como consecuencia da avaliación progresiva das necesidades do citado alumno.

5. Renuncia

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas a través de instancia xenérica (SXER). Unha vez aceptada a renuncia o pago da bolsa será proporcional ao tempo en que prestou a colaboración.

6. Obrigas da persoa beneficiaria

O/As adxudicatario/as das bolsas quedarán obrigado/as a:

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s23N0000085

CSV

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

- Estar matriculado/a durante todo o curso académico 2023/2024.
- Colaborar co centro docente e a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, en todo canto sexa necesario para levar adiante estas axudas.
- Colaborar en todo momento coa persoa responsable de discapacidade do centro de estudos.
- Comunicar os cambios que se produzan nas condicións iniciais de concesión da bolsa.
- Presentar unha memoria final, co informe favorable da persoa responsable de discapacidade no centro, que xustifique o cumprimento da subvención no prazo de un mes a contar dende a finalización do programa para o que se dispón o modelo do Anexo I, dirixida á Sección de Axudas e Bolsas.

A Sección de Axudas e Bolsas enviará á Comisión Técnica a memoria presentada, xunto cun informe da persoa responsable do centro acerca do cumprimento do programa.

As persoas beneficiarias debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexa de aplicación.

7. Incompatibilidades

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para o mesmo fin.

8. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro total ou parcial

Son causa de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.
- O incumprimento do desenvolvemento das actividades propias da bolsa, previa tramitación de expediente contradictorio, que se iniciará, de ser o caso, mediante informe desfavorable da persoa responsable de discapacidade do centro.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

9. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F



Código seguro de Verificación : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s23N0000085

CSV

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

10. Protección de datos

Información sobre a política de protección de datos en <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da firma electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade
(asinado electrónicamente por María Isabel Doval Ruiz)

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pi/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s23N0000085

CSV

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

ANEXO I
INFORME FINAL DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

Don/a
Alumno/a da titulación de
No Centro de estudos
Que ten concedida unha bolsa de
Realizou as seguintes actividades relacionadas coa acción subvencionada (desglosar actividades e data de realización):

En a de de

A persoa interesada,

CSV : GEN-1b37-b79a-cd2f-8cd3-2981-033c-2712-6459

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pi/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/09/2023 14:28 | NOTAS : F



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s23N0000085

CSV

GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

28/09/2023 09:54:03 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-0906-8f86-998b-49cf-bf1d-a2ff-0361-ae7c